



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Departamento de Cultura

cultura@concellochelaxe.com - 610 95 20 17

III CONCURSO DE COCIÑA: “MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN” ANO 2019

O Concello de Laxe, a través da súa Concellaría de Servizos Sociais, Emprego, Igualdade e Cultura, convoca o III Concurso de cociña “Mellor tortilla doce do Peñón”, con arranxo ás seguintes

BASES REGULADORAS

1. PARTICIPACIÓN

Este concurso está aberto á participación de todas as persoas profesionais ou afeccionadas do mundo da cociña e da gastronomía galegas, desexen participar.

2. OBXECTO

Elixir a tortilla doce máis saborosa e con mellor presentación na festa do Peñón 2019 que se celebrará o luns día 10 de xuño deste ano.

3. CARACTERÍSTICAS DA TORTILLA DOCE

A receita deberá conter os ingredientes básicos da receita tradicional de tortilla doce elaborada con motivo da celebración da festa do Peñón no noso concello.

4. INSCRICIÓNS E ENTREGA

Toda persoa que desexe participar no concurso, deberá preinscribirse nas Oficinas de Cultura do Concello de Laxe, presencialmente ou chamando ó teléfono do concello: 981 70 69 03, ou ó directo do Departamento de Cultura 610 952 017; facilitando: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto.

O prazo de preinscrición estará aberto dende a data de publicación destas bases e ata o venres, día 7 de xuño, ás 14.00 horas.

A entrega de tortillas deberá realizarse no lugar habilitado ó efecto situado a carón da carpa municipal branca, colocada na Braña de Soesto, o luns día 10 de xuño entre as 17.00 e 17.30 horas, asinando nese momento a folla de inscrición cada persoa que previamente se inscribira.

5. ADMISIÓN

Cada persoa que se inscriba, só poderá presentar unha única tortilla doce ó concurso.

Toda tortilla doce que se considere, non reúne os ingredientes básicos da receita tradicional, poderá ser excluída do concurso.

6. XURADO E RESOLUCIÓN

O xurado estará formado por 3 persoas seleccionadas polo Departamento de Cultura do Concello de Laxe entre persoas con experiencia no ámbito da cociña.

Este constituirase e reunirse o mesmo Día do Peñón, luns 10 de xuño, para probar as tortillas doces previamente inscritas e presentadas ó concurso, elixindo nese mesmo momento a ou as tortillas gañadoras.

O resultado comunicarse ó mesmo tempo tanto ás persoas interesadas como a todo o público presente no momento de celebración do acto do concurso na Braña de Soesto o vindeiro luns 10 de xuño ás 18.00 horas aproximadamente.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Departamento de Cultura

cultura@concellodelaxe.com - 610 95 20 17

O xurado, poderá declarar deserto a concesión de premio nalgunha das categorías en virtude de criterios fundados que así o xustificuen.

O fallo do xurado é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. No caso de que as tortillas doces non reúnan os requisitos de presentación establecidos nestas bases e polo propio xurado que se constituía, este último poderá declarar deserto algún ou todos os premios.

7. PREMIOS

Entregaranse un máximo de 3 premios (1º, 2º e 3º), ás tres mellores tortillas doces, seguindo a orde e os criterios determinados polo xurado ó efecto.

O premio consistirá no recoñecemento público das boas artes culinarias da/s persoa/s gañadora/s á ou ás mellor/es tortilla/s doce da festa do Peñón 2019, mediante a entrega dun diploma e un agasallo.

As tortillas presentadas, valoraranse en función dos seguintes criterios:

- Calidade da presentación da tortilla
- Sabor e textura da mesma.

8. DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE

Os datos persoais recollidos na inscrición ó concurso, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este concurso.

O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a fotografía da persoa no momento da recollida e entrega do premio do concurso, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa/s gañadora/s outorgada a través da mesma folla de inscrición.

De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición e participación neste concurso, implica a total aceptación destas bases.

En Laxe.

Ricardo Facal Castiñeira

Concelleiro de servizos sociais, emprego, igualdade e cultura